



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia ,7. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

INFORME ECONÓMICO-FINANCEIRO

ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2016

José Luis Oujo Pouso, na miña calidade de alcalde do Concello de Porto do Son emito o informe económico-financeiro do orzamento do exercicio 2016, de acordo co disposto nos artigos 168.1.e) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo e o 18.1 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril

Este informe ten por obxecto expoñer

- As bases utilizadas para a avaliación dos ingresos
- A suficiencia dos créditos para atender ó cumprimento das obrigas esixibles e os gastos do funcionamento dos servicios
- A efectiva nivelación do orzamento

PRIMEIRO: Bases empregadas para a avaliación dos ingresos

1. Ingresos de natureza tributaria

Cuestiós a reseñar:

- No caso do Ibi rústica aplicouse ao total valor catastral do padrón fiscal no 2015 os tipos de gravame vixentes para o ano 2016, e tense en conta o compoñente individual de redución (CIR) do 0,70 e o coeficiente redutor de 0,8 que é o aplicable no 2016. Á cantidade resultante súmaselle unha cantidade en concepto de recadación en vía executiva que é a media da recadación dos últimos 3 anos. No caso do Ibi urbana, tómase como punto de partida a débeda total do padrón fiscal do exercicio 2015, aplicaíscelle a porcentaxe do 95 % como estimación de recadación en voluntaria, que é a que ten en conta a Deputación provincial para o cálculo das entregas a conta mensuais en concepto de Ibi urbana e súmase a media da recadación executiva dos últimos tres anos. No caso do Ibi de características especiais tense en conta a débeda total do padrón fiscal de 2015, así como a media da recadación executiva dos tres últimos anos.
- En IVTM, pártense da recadación do exercicio 2014 e increméntase dito importe na mesma porcentaxe que se incrementou o 2014 respecto do 2013.
- En Plusvalías, consignase o mesmo importe a que ascenden á data 14/12/2015 os dereitos recoñecidos netos por este concepto.
- IAE, consignase o importe a que ascenderon os dereitos recoñecidos netos no exercicio 2014
- A estimación do ICIO tamén coincide cos dereitos recoñecidos netos en data 14/12/2015 por ese concepto.
- En relación aos ingresos do capítulo 3, cómpre dicir o seguinte:
- Taxa polo servizo de abastecemento de auga: a estimación tivo en conta a media dos 3 últimos padróns aprobados, tendo en conta que está previsto pasar ao cobro seis padróns, co fin de acotar o retraso existente neste momento. Asemade, tívose en conta unha estimación de cobros de recibos en executiva calculada do seguinte



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia ,7. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

xeito. Tomouse como referencia o importe das liquidacións en executiva pendentes de cobro que figuran na aplicación da Deputación provincial GTT á data de cálculo das previsións (33.143,39 €), ao que se lle aplicou unha porcentaxe estimada de recadación do 38 %.

- Taxa polo servizo de saneamento: tivéronse en conta os mesmos criterios que no caso da taxa polo servizo de abastecemento, calculouse en base á media dos 3 últimos padróns, prevendo pasar ao cobro seis padróns no ano 2016. Asemade incluíuse unha estimación dos ingresos polas obras de conexión do servizo, que é do mesmo importe que o estimado en 2014, e prorrogado ao 2015.
- Taxa polo servizo de recollida de residuos sólidos urbanos: a estimación calculouse tendo en conta 1) os dereitos recoñecidos netos a data 14/12/2015, que ascenden a 596.211,36 €; e 2) altas novas por importe de 6.256 €.
- Taxa pola prestación de servizos en instalacións deportivas: neste ano está previsto a posta en funcionamento da piscina e ximnasio municipais, e do mesmo xeito está prevista a aprobación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de piscina e ximnasio novo municipal, así como polo uso da pista de pádel, o que supón que a previsión neste subconcepto se eleve significativamente con respecto ao anterior. Para o cálculo da estimación tívose en conta un borrador de estudio de costes e ingresos de explotación cuxa previsión de abonados e ingresos de explotación (tendo en conta as tarifas que se prevén aprobar) é a que segue: 184 abonados individuais a 29,90 €; 168 abonados familiar titular a 29,90 €; 224 abonados fillo a 1 €; 136 abonado cónxuge a 3 €; 40 abonados xoven a 19,90 € e 48 abonados terceira idade a 19,90 €. En total calcúllase a previsión para 10 mensualidades, e o importe estimado ascende a 129.080,00 €. O restante importe do subconcepto corresponde á estimación de ingresos do ximnasio municipal xa existente e da pista de pádel.
- As restantes taxas: tivéronse en conta, ben o padrón fiscal, ben os mesmos importes liquidados no 2014, ou ben os dereitos liquidados no 2015 á data de elaboración deste orzamento (14/12/2015).
- Prezo público do SAF: calculouse unha media (2.057,29 €) dos padróns de xaneiro a agosto, e extrapolouse dito importe a un ano.
- Xuros de demora e recargo de prema (subconceptos 39300 e 39211 respectivamente): prevese a recadación liquidada no último exercicio con liquidación aprobada, que é o do 2014.
- Indemnizacións por danos (subconcepto 39904): prevese a recadación en concepto de indemnización polos danos causados por un accidente á cuberta e pintura da casa da cultura.

2. Ingresos de natureza non tributaria

- Transferencias e subvencións correntes.

A cuantificación do capítulo 4 de ingresos, relativo ás transferencias correntes, realizouse en base á seguinte táboa:

Concepto	Descripción	Importe
42000	Participación nos tributos do Estado	1.791.305,08
Total 42000		1.791.305,08
45000	Fondo de Cooperación Local	423.807,80



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia ,7. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

Total 45000		423.807,80
45082	Subvención do PXOM	18.105,07
Total 45082:		18.105,07
45085	ADL	9.759,54
45085	Plan Concertado	30.026,00
45085	Subvención da XG para SAF dependencia	119.552,77
Total 45085		159.338,31
45089	Xulgado de Paz	3.243,79
45089	Subvención Rede Cermi: axente TIC	15.000,00
Total 45089		18.243,79
46120	Convenio DP Servizos Sociais	62.057,94
Total 46120		62.057,94
46130	Subvención DP. Actividades culturais	5.995,24
46130	Subvención DP. Animador cultural	7.206,98
46130	CICB	10.000,00
46130	Subvención DP. Escola de musica e baile	9.990,00
Total 46130		33.192,22
46140	Subvención DP. Actividades deportivas	5.803,36
46140	Subvención DP. Persoal técnico-deportivo	6.424,60
Total 46140		12.227,96
46150	Subvención DP. Limpeza de praias	32.913,63
Total 46150		32.913,63
48001	Ingresos achega empregados ao seguro Adeslas	6.514,32
Total 48001		6.514,32
Total general		2.557.706,12

➤ Ingresos patrimoniais

Dentro deste capítulo de ingresos inclúense os xuros por depósitos e o canon pola concesión do parque eólico singular, cifrado en 20.570,27 €, mesmo importe que a última liquidación practicada.

➤ Subvencións de capital

O detalle das subvencións de capital consta no anexo de investimentos.

Así, do exposto conclúese que as previsións de ingresos estimáronse seguindo uns criterios obxectivos e realistas, atendendo a un principio de prudencia.

SEGUNDO: Suficiencia dos créditos para atender ó cumprimento das obrigas esixibles e os gastos do funcionamento dos servicios

1. Por razón dos compromisos e débedas esixibles

O capítulo 1 de gastos, que recolle os do persoal, tense orzamentado de acordo co cadre de persoal e coas retribucións que lle corresponden. Este capítulo e as súas previsións están debidamente fundamentadas no anexo de persoal que acompaña o presente orzamento.

No capítulo 2 de gastos correntes e servizos consignáronse as contías que se estiman suficientes para a cobertura dos gastos do exercicio corrente, especialmente os xa comprometidos e derivados de contratos xa existentes entre o concello e terceiros.



CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia ,7. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

Os capítulos 3 e 9 teñen a súa base nas operacións de crédito concertadas por este concello e as que se teñen previsto concertar, do que se presenta con maior detalle no anexo da débeda.

Nos restantes capítulos -4, 6 e 7- consígnase previsión suficiente para atender aos compromisos de gasto adquiridos e novas actuacións proxectadas.

2. Por razón do funcionamento dos servicios

As consignacións orzamentarias dirixidas ao funcionamento dos servizos están previstas nunhas contías que se estiman suficientes, en condicións normais de funcionamento dos mesmos e análogas ás do exercicio 2015.

TERCEIRO: A efectiva nivelación do Orzamento

Da aplicación dos criterios anteriores resulta un orzamento equilibrado no estado de gastos e de ingresos.

Da comparación dos estados de ingresos e gastos dedúcese a presentación á aprobación polo Pleno da Corporación dun orzamento real e suficiente para a cobertura dos gastos comprometidos e estimados do exercicio 2016.

Porto do Son, 18 de decembro de 2015



Asdo.: José Luis Oujo Pouso